

Cara a un novo modelo na acción exterior da Xunta

Julio César Fernández Mato

En 1994, o Tribunal Constitucional recoñece por vez primeira nunha sentenza a posibilidade das Comunidades Autónomas, como parte do exercicio das súas competencias, de levaren a cabo actividades de proxección externa. A partir deste momento os gobernos autonómicos comezan a desenvolver unha acción competencial propia no ámbito das relacións internacionais que pouco a pouco foi intensificándose.

Máis recentemente, en 2004, abriuse a porta por parte das institucións europeas para que os gobernos autonómicos puidesen participar nos Consellos de Ministros da UE. Este feito serviu, sen lugar a dúbidas, para impulsar a acción exterior dos executivos autonómicos. A voz das entidades locais e rexionais comezaba a oírse con forza no epicentro europeo e as propias institucións da UE optaron por achegar a Europa unida aos cidadáns fortalecendo, precisamente, o papel que xogaban as entidades rexionais.

A aposta por crear, no espazo europeo, Agrupacións de Cooperación Territorial (AECT) como entidades administrativas propias con autonomía xurídica evidencia a aposta de Europa polas rexións.

Neste contexto, Galicia quixo subirse ao tren desde o primeiro momento e xunto ao norte de Portugal configurou a primeira das Agrupacións Europeas de cantas se constitúen na Península Ibérica. Trátase da AECT Galicia-Norte de Portugal, recentemente constituída, que vai ter a súa sede na cidade de Vigo.

Desde a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, dependente da Presidencia da Xunta, temos a responsabilidade de desenvolver a acción exterior da Xunta de Galicia e facémolo de acordo a cinco eixes fundamentais, que se poden sintetizar nestas liñas:

- a) Deseño e execución da estratexia de Acción Exterior de Galicia, como política propia, atendendo aos nosos valores e intereses.
- b) Establecer a rede de Delegacións da Xunta de Galicia no exterior.
- c) Difundir a imaxe de Galicia no exterior.
- d) Afianzar unha cooperación de segunda xeración con Portugal a través da figura da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (GNP, AECT).
- e) Reforzar a proxección internacional de Galicia.

Todos estes elementos e iniciativas inspíranse nunha nova filosofía de promoción de Galicia e dos seus intereses no exterior e que está sustentada sobre bases sólidas, racionalizando o emprego duns recursos limitados e pensando nos intereses do país, máis que nos dos seus circunstanciais representantes.

Esta filosofía percibe a acción exterior como un investimento cabal, que transcende a acción de gobernos que mudan para identificarse coa Comunidade Autónoma no seu conxunto. Nesta liña traballamos desde a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, porque consideramos que non só somos responsables da imaxe de Galicia no resto do mundo, tamén vehiculizamos en parte a imaxe de España no exterior en tanto en canto somos a referencia principal do Estado para moitos países do estranxeiro, nos que están establecidas importantes colonias de galegos.

Son da opinión de que Galicia será máis forte en tanto en canto sexamos capaces de que se xere no exterior unha concepción do noso país sólida e cohesionada.

Por iso, desde a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores estamos a traballar no impulso dunha nova imaxe de Galicia no exterior. A necesidade de actualizar a visión exterior que se ten de Galicia, desvinculándoa de tópicos sociais desfasados, para contribuír á posta en valor e difusión dos verdadeiros valores do país motiva a elaboración dun estudo que permita abordar o impulso desta imaxe, contando coa participación da sociedade e tendo en conta o contexto actual.

Na súa primeira fase, o estudo conta coa opinión de 50 representantes da vida social, cultural, económica e política de Galicia, entre outros sectores. Trátase de sondear a opinión de diversos líderes de opinión para extraer unhas conclusións que nos permitan iniciar os traballos de reflexión e análise sobre a nova imaxe de Galicia que queremos lanzar ao exterior. Porén, está é só a primeira fase do proxecto.

O noso obxectivo é culminar este traballo sendo capaces de transmitir unha visión real, actualizada e positiva de Galicia, que contribúa á atracción de capital humano e económico estranxeiro á vez que nos sitúe como un país aberto, desenvolvido e de futuro no marco do escenario internacional.

Nesta misión, é fundamental acadar un traballo conxunto porque a nova imaxe de Galicia que queremos transmitir debe ser a imaxe de todos. Por iso, neste obxectivo buscamos o consenso de todos os grupos políticos.

Por outra banda, outro dos ámbitos da acción exterior nos que o Goberno galego traballou nesta lexislatura ten que ver co impulso á rede de delegacións da Xunta no exterior. Parte da nosa acción exterior pivota fundamentalmente sobre aqueles lugares nos que están asentados os galegos que no pasado se viron forzados a emigrar: Iberoamérica (Arxentina, Uruguai, México, Venezuela, Brasil e Cuba) e Centroeuropa (Suíza, Francia, Alemaña, Bélxica e Holanda), entre outros, e nalgúns destes lugares comezaron xa a instalarse delegacións do Goberno galego.

A finais de 2007, púxose en marcha a Delegación da Xunta en Arxentina, atendendo así a unha demanda histórica da colectividade galega residente neste país e fortalecendo a presenza institucional galega no exterior. Ao longo de todo este primeiro ano de andadura da Delegación da Xunta en Buenos Aires, a oficina encargouse de promover a lingua e cultura galegas no país austral, fomentar relacións

económicas e comerciais entre os dous territorios e apoiar os cidadáns galegos que residen en Arxentina.

A seguinte delegación que se vai impulsar desde a Xunta de Galicia no exterior terá a súa sede na capital de Uruguai, en Montevideo. O obxectivo é seguir completando esta rede de delegacións e promover co tempo oficinas de representación en países europeos e mesmo noutros mercados atractivos para Galicia, como poden ser os propiciados polas economías emerxentes.

Sen lugar a dúbidas, as relacións con Portugal posúen un papel destacadísimo dentro da acción exterior do noso Goberno. Quixemos dar un paso máis alá no tradicional modelo de relacións que se viña desenvolvendo entre as dúas beiras do Miño e impulsamos un modelo de cooperación novo, denominado de “segunda xeración”.

Neste novo modelo, xoga un papel determinante a posta en marcha da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (AECT). A Agrupación Europea de Cooperación Territorial eríxese como un organismo canalizador destas relacións bilaterais en diferentes e novos eidos. Deste modo poderase coordinar o desenvolvemento de proxectos transnacionais financiados con fondos europeos a través dunha única entidade, dotada de autonomía xurídica e administrativa e amparada pola lexislación comunitaria, o que nos permitirá gañar en eficacia e eficiencia á hora de xestionar os fondos europeos.

A AECT vai ser a terceira agrupación que opere no espazo europeo, logo da franco-belga con sede en Lille e da húngaro-eslovaca con sede en Esztergom.

O novo organismo terá a súa sede no edificio do antigo reitorado de Vigo e vai xestionar uns recursos destinados a máis de seis millóns de habitantes e un PIB próximo aos 90.000 millóns de euros, o que nos sitúa á altura dos territorios máis desenvolvidos de Europa e como un exemplo de innovación na cooperación de segunda xeración.

O obxectivo é converter a cooperación nun instrumento estratéxico de desenvolvemento compartido. A Eurorexión medrará a partir de cada un dos seus compoñentes, da potencialidade de cada un dos nosos países, pero tamén a partir das sinerxías da súa unión estratéxica.

Sen lugar a dúbidas, a cooperación con Portugal ocupa un lugar preferente na política exterior galega. Portugal e Galicia constitúen unha Eurorexión que está chamada a ser un dos polos de atracción e desenvolvemento da Península Ibérica. A constitución desta AECT é o froito de intensas negociacións cos gobernos de Madrid e Lisboa e representa á terceira comunidade peninsular por importancia demográfica e económica, segundo os datos de poboación e peso en termos de PIB.

Paralelamente, o Goberno galego tivo, nesta lexislatura, unha presenza activa en toda unha serie de organismos europeos. O obxecto desta participación é fomentar que se oia a voz de Galicia na toma de decisións das institucións comunitarias.

Por vez primeira falouse en galego no Comité das Rexións e foi o titular da Xunta, Emilio Pérez Touriño, o encargado de facelo pouco despois de asumir a Presidencia, en 2005.

Queremos desenvolver todas as nosas potencialidades no ámbito europeo porque é certo que a UE é o noso marco referencial de desenvolvemento.

Neste sentido, cómpre destacar que Galicia participou xa en varios Consellos de Ministros da UE, en concreto formando parte da delegación do Estado en asuntos de traballo, medio ambiente, cultura e xuventude.

Así mesmo, participamos intensamente en todos os plenos do Comité das Rexións liderando iniciativas concretas no ámbito do fomento do multilingüismo ou en materia de cambio climático, instando a promover políticas efectivas neste eido.

Participamos especificamente na Comisión de Desenvolvemento Sostible (DEVE) e na Comisión de Cohesión Territorial (COTER) do Comité das Rexións, así como na Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas (CRPM), a través da Comisión do Arco Atlántico (onde recentemente lideramos unha moción dirixida ás autoridades comunitarias, para que se tomen medidas que palién a situación que sufriron maiormente pescadores e transportistas polo prezo á alza do combustible).

Ao tempo, promovemos a participación de Galicia na Conferencia de Rexións con Competencias Lexislativas (REGLEG), á que acudiu o presidente da Xunta de Galicia nos anos 2005 e 2007.

Outra das liñas de acción nas que o Goberno galego traballa intensamente en materia de acción exterior ten que ver co fomento da cooperación ao desenvolvemento.

En abril de 2006 aprobouse o primeiro *Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009*, por acordo unánime do Parlamento de Galicia e do sector. O Plan define os obxectivos estratéxicos para os catro anos, que se concretan nos correspondentes Plans Anuais, así como os sectores e países prioritarios de actuación (Caribe, Centro e Sudamérica e África Lusófona).

As actuacións da Xunta en materia de cooperación ao desenvolvemento céntranse nunha serie de pautas:

a) Dar cumprimento á Lei 3/2003, de 19 de xuño de cooperación para o desenvolvemento e ao Plan Director da Cooperación Galega.

b) Potenciar a cooperación ao desenvolvemento, a través do *I Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009*, mediante o incremento anual da dotación orzamentaria.

c) Fortalecer a cooperación ao desenvolvemento incrementando as súas liñas de actuación de cara a conseguir unha mellora significativa nos seus obxectivos, especialmente na cooperación directa.

d) Garantir a presenza galega no exterior na materia de cooperación internacional para o desenvolvemento, así como servir de apoio ás universidades, organizacións e empresas galegas para afrontar o seu papel e responsabilidade nos países terceiros nos que se inclúen.

e) Apoiar a profesionalización do sector da cooperación para o desenvolvemento.

Desde 2005 ata a actualidade duplicáronse os recursos orzamentarios destinados a fomentar a cooperación ao desenvolvemento, pasando de 6 millóns de euros en 2005 aos 12,8 actuais.

É importante tamén resaltar o labor que se realiza desde a Axencia Humanitaria de Galicia. En 2008, destináronse máis de 500.000 euros a accións humanitarias de emerxencia, dirixidas especialmente a paliar as situacións das vítimas do tifón Nargis, en Birmania; do terremoto que sacudiu a rexión chinesa de Sichuan; e dos furacáns que recentemente provocaron grandes danos en Cuba e Haití.

Galicia é un pobo cunha vocación solidaria. É certo que a cooperación galega aínda é incipiente pero tamén é certo que goza xa duns cimentos sólidos, duns alicerces importantes. Galicia comeza xa a transferir tamén tecnoloxía e coñecemento.

É fundamental ademais que a cooperación ao desenvolvemento axude a Galicia a obter unha voz propia no panorama internacional, a consolidar relacións institucionais sólidas con gobernos estranxeiros, aos que a nosa Comunidade Autónoma poida exportar o mellor do noso progreso. É fundamental para Galicia consolidar relacións institucionais e diplomáticas cos países cos que cooperamos.

Paralelamente, a acción exterior do Goberno galego aposta pola internacionalización da nosa economía, da nosa cultura e da nosa lingua. Desde a Secretaría Xeral de Exteriores, búscase en colaboración co Igape e coa Fundación Galicia Emigración, fomentar as relacións económicas e comerciais entre Galicia e o exterior, favorecendo no marco das nosas competencias a internacionalización da economía galega.

En viaxes do presidente da Xunta a Arxentina, Brasil, México e Cuba traballamos nesa liña.

Con esta mesma finalidade, deuse un novo xiro á *Fundación Galicia Europa* promovendo a posta en marcha do *Centro de Negocios Galicia-Europa*. Así, contribuírase a fomentar a internacionalización das pequenas empresas, cooperativas e colectivos profesionais de Galicia no marco da UE. O organismo dará resposta ás necesidades das pemes galegas á hora de saír ao exterior e proporcionaralle servizos de tradución, xestión de citas e visitas comerciais, presentación de produtos e empresas e asesoramento, entre outras cuestións.

Para este labor o Centro de Negocios contará con xestores especialistas en comercio exterior que desde as oficinas de Santiago de Compostela e de Bruxelas prestarán unha atención directa e personalizada para a internacionalización das pemes galegas.

Por outra banda, Galicia é o berce dunha cultura autóctona e aberta; desde a Xunta estanse a impulsar acordos e convenios con institucións culturais no exterior co fin de divulgar a nosa lingua e a nosa cultura en espazos concibidos para tal fin. Neste sentido impulsouse un acordo co Instituto Cervantes para a difusión da lingua e cultura galega na rede de centros que o Instituto Cervantes ten en todo o mundo e que foi asinado polo presidente da Xunta e pola directora do Cervantes en París.

Ao abeiro deste convenio de colaboración, permitírase que as bibliotecas das sedes do Instituto Cervantes contén cunha sección de galego, como xa se iniciou no Instituto Cervantes de París, ou que se realicen actividades específicas sobre a cultura galega, como o acontecerá este mes de novembro no Instituto Cervantes de Nova York coa proxección de curtametraxes galegas. Proba desta vontade é a celebración, no mes de decembro pasado, do centenario do Himno Galego na cidade da Habana. Tamén en maio deste mesmo ano, celebrouse por vez primeira en Bos Aires o Día das Letras Galegas.

A acción exterior e o papel de Galicia no mundo non é un asunto menor. Ata hai ben pouco, Galicia estaba orfa de presenza institucional no estranxeiro e moitos dos galegos que residen fóra desasistidos de representación oficial. Estamos a traballar na intensificación da presenza exterior de Galicia, convidando a todos a realizar achegas para a construción dunha nova imaxe de Galicia no exterior; promovendo a internacionalización da nosa economía e da nosa cultura; facendo oír a nosa voz nas institucións comunitarias; promovendo políticas de cooperación ao desenvolvemento; construíndo unha rede de delegacións no exterior ou dinamizando as relacións coa veciña Portugal, entre outras accións.

Na medida en que sexamos quen de trasladar fielmente a nosa realidade, todas as nosas potencialidades, estaremos construíndo un futuro máis fecundo para Galicia.

Julio César Fernández Mato é secretario xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia.